

SURREALISMO

OBRA: O ENTROIDO DO ARLEQUÍN

AUTOR: Joan **MIRÓ** (1893-1983)

CRONOLOXÍA: 1924-25

ESTILO: Surrealismo

MEDIDAS: 66 cm x 90 cm

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

LOCALIZACIÓN: Albright-Knox Art Gallery,
Buffalo



MIRÓ

Destacou como un dos máximos exponentes do Surrealismo. Os seus inicios discorreron entre o Fauvismo, o Cubismo, o Dadaísmo, pero tras o seu traslado a París en 1920 evolucionou cara ao recién creado Surrealismo. Miró aportou unha visión do seu inconsciente máxica e lírica, chea de gran fantasía. Sobre fondos brancos ou azuis e cunha gama de cores brillantes (amarelos, vermellos, verdes, azuis) creaba no espazo diferentes signos recoñecibles, como estrelas, soles, gatos, peixes, escaleiras ou insectos (estes para recordar a súa conexión coa terra) cun forte contido simbólico. Aínda que sempre mantivo a súa iconografía característica, posteriormente Miró tendería cara a unha maior abstracción, elaborando cadros con fondos neutros que remiten á observación da bóveda celeste.

COMENTARIO

O entroido do arlequín foi pintado en 1924-25, e supón o inicio da súa etapa plenamente surrealista, no que cunha linguaxe poética de signos suxiren fantasía, inxenuidade e ambigüidade. Sobre os debuxos preparatorios desta pintura, o propio Miró dixo: “non é que pintase o que vía en soños, como dicían entón Breton e os seus, senón que a fame provocábame unha maneira de tránsito parecido ao que experimentaban os orientais”.

Se o traballo está claramente inspirado no Surrealismo, a influencia deste movemento inscríbese máis nos temas tratados que na técnica utilizada. A aparente espontaneidade da creación é precedida por obxectos e unha proxección da súa estrutura. Por unha banda, a figura e os obxectos non están relacionados e parecen debidos á casualidade e a inspiración espontánea do artista. Con todo, os bosqueños e debuxos mostran que este aparente azar é o resultado dunha composición precisa que parte dos principios surrealistas. Ademais, unha análise detallada da obra mostra unha cuadrícula diagonal pintada de vermello que indica unha composición a priori na tea.

Aparecen representados unha serie de elementos que se van a repetir posteriormente noutras obras, como as escaleiras, que poden servir tanto para reflectir a fuxida como a ascensión, ou os insectos, o gato ou a esfera escura (o globo terráqueo). Entre as súas formas hai unha mestura de miniaturas de obxectos reais, como unha guitarra ou un dado, con signos inventados. As notacións musicais nun pentagrama corresponden á linguaxe da guitarra xunto á que aparecen. Un autómatas que está a tocar a guitarra e un arlequín con bigotes teñen os papeis principais. Ao seu redor aparecen gatos xogando cunhas bólas de la, uns paxaros poñen ovos de onde saen bolboretas, ou uns peixes voadores vanse á procura de comelos. Tamén se ve como un insecto escapa dun dado ou un mapamundi espera sobre a mesa, así como unha escaleira que ten unha orella humana enorme proxecta un ollo minúsculo entre os barrotes. O ollo, adoptado como

emblema para sinalar a presenza do home, será unha constante na produción artística de Miró e aquí aparece por toda a tea, pois se abren uns ollos sobre os cubos, os cilindros e os conos.

Os obxectos que se distribúen polo espazo dan sensación de flotar ao non estar colocados nunha superficie. Son formas vibrantes que recordan ao mundo da Bioloxía e das células: as figuras alongadas, vermes e amebas escorregan e flotan nun espazo irreal entre obxectos e animais, con connotacións dos debuxos infantís e dos enigmáticos pictogramas do Neolítico. É unha linguaxe poética de signos que suxiren ensoñación, inxenuidade, fantasía e ambigüidade. Os obxectos semellan flotar no espazo, que está claramente representado por unha parede e un chan en perspectiva, sinalando que nos atopamos nun interior. Grazas á ventá podemos distinguir dúas perspectivas diferentes, cun punto de vista alto e unha composición pechada. Pero, en todo caso, a perspectiva real queda anulada pola multitude de seres levitando nun ambiente ingrátido. A través da ventá aberta, na zona superior dereita, vemos unha típica paisaxe “mironiana”, co seu característico ceo azul e unha estrela. Aínda que parecen multitude de obxectos, xa se empeza a sistematizar a linguaxe característica de Miró.

As formas son o resultado dun proceso de transformación que as leva a parecer abstractas, aínda que o pintor sempre parte de figuras concretas da natureza. Eses signos vanse definindo e simplificando ao longo da súa vida ata converterse en verdadeiros ideogramas. Todo está cheo de vida en movemento. A técnica é verdadeiramente miniaturista e meticulosa e casa perfectamente co ambiente festivo que debe acompañar ao entroido. As cores que aparecen nesta obra son fundamentalmente primarias: azul, amarelo e vermello, ademais de branco e negro, e son esas cores as que nos moven a través das diferentes figuras do cadro.

O *Entroido do Arlequín* é a obra máis interesante deste período do artista, no que xa tiña superadas as influencias fauvistas e cubistas e conseguiu un gran éxito na exposición colectiva da pintura surrealista en París en 1925, onde foi exposta á beira de obras de Giorgio de Chirico, Paul Klee, Man Ray, Pablo Picasso e Max Ernst. Esta obra considérase como o inicio da plenitude da etapa surrealista de Joan Miró. Realizada entre 1924-25, unha época en que o artista pasaba por momentos difíciles e de gran penuria, tamén alimentaría.

As creacións destes anos bebían da estética e teorías surrealistas, sendo un fervente defensor do “*automatismo psíquico*”, método que consistía na produción de imaxes sen mediación de ningún procedemento de reflexión consciente. A súa pintura é froito dunha busca constante da esencialidade, para o que depurou cada vez máis o seu vocabulario expresivo, pasando das figuras aos ideogramas e os signos, dun trazo sabio e recto a outro máis inxenuo e lúdico.

Esta obra supuxo a plena aceptación do artista no grupo surrealista de París, dirixido por André Breton, que mesmo chegaría a afirmar que Miró, coa súa imaxinación, era o máis surrealista de todos eles, aínda que o pintor catalán nunca o sentiu como tal. Un debuxo preparatorio pon de manifesto a preocupación do artista por todos e cada un dos motivos, aparentemente dispostos de forma inconexa e arbitraria, pero que en cambio seguen unha estruturación completamente tradicional. Nesta cadro reelabora elementos figurativos aparecidos en obras de Pieter Bruegel e do Bosco, onde se asiste tamén a esta invasión de figuras simbólicas.

Como *A masía*, o *Entroido do Arlequín* é unha obra detallista que esixe unha lectura detida. As cores, sobre todo as primarias, obedecen tamén a esta lectura detallada e participan igualmente da unidade harmónica do cadro achegando máis dinamismo á obra.